



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal 2 - 5º andar (Casa do
Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228

galicia

RESOLUCIÓN da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de listas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión para o recurso específico de ourizo, modalidade dende embarcación, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (ZV) aprobado para o ano 2019 e prorrogado ata o 31 de decembro de 2021.

- **Antecedentes.**

1. A Orde de 20 de decembro de 2018, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2018), aproba o plan de xestión conxunto da zona V para o recurso específico de ourizo das confraría de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.
2. A disposición transitoria segunda do *Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas* establece que os plans de xestión regulados pola Orde de 20 de decembro de 2018 prorrogáanse ata o 31 de decembro de 2021.
3. O 19 de febreiro de 2020 a confraría de pescadores de Fisterra, como representante deste plan conxunto, formula unha solicitude de adaptación de medidas no plan de xestión.
4. O día 26 de maio dende a xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña emítase unha resolución pola que se adoptan determinadas medidas de adaptación no plan conxunto de xestión de ourizo das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.

- **Consideracións legais e técnicas**

1 .Mediante Resolución do 26 de maio de 2020 a XT da Consellería do Mar adopta entre outras as seguinte medidas de adaptación no plan conxunto: establece o número máximo de 13 embarcación e de 38 cotas por mergullador participante no plan. E aproba a cobertura das vacantes que se produzan durante a vixencia do plan ou como resultado do proceso de renovación das modalidades. Na renovación do ano 2020 prodúcense a perda de 2 cotas de captura.



Xacobeo 2021





2. O artigo 21.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, establece que as xefaturas territoriais poderán adaptar medidas, logo de solicitude das entidades titulares dos plans de xestión, ante circunstancias que dificulten ou potencien o seu desenvolvemento, e tendo en conta aspectos biolóxicos, socioeconómicos e de creación de emprego. O artigo 21.3 deste decreto indica, entre as medidas de adaptación que se poderán incluír, a do número máximo de participantes, os días máximos anuais previstos, os tamaños mínimos e outras vinculadas coa actividade marisqueira.

3. A *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia* determina nos seus artigos 39-46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.

4. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola *Resolución do 18 de maios de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se modifica a Resolución do 4 de maio de 2016, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos*.

5. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Abrir o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para cubrir 2 cotas de captura para mergullador para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión de ourizo das confraría de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González



Xacobeo 2021





ANEXO A

Bases da convocatoria.

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto será a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión de ourizo dende embarcación das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira, de conformidade co establecido no plan de xestión aprobado para o ano 2019 e prorrogado ata o 31 de decembro de 2021.

1.2. Requisitos das embarcacións.

Para poder inscribirse na lista para o incremento do número de cotas de captura, as embarcacións deberán estar incluídas no plan conxunto de xestión de ourizo dende embarcación das confraría de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira, aprobado para o ano 2019 e prorrogado ata o 31 de decembro de 2021.

En base a resolución do 18 de maio de 2020 que modifica a resolución do 4 de maio de 2016, no punto 1 do apartado A (Criterios xerais) do anexo I. Os armadores solicitantes deberán presentar un certificado das confrarías *de estar asociados as entidades do plan de xestión, e no caso dun plan de xestión conxunto estarase ao disposto no plan aprobado en canto a distribución de prazas entre entidades, de ser o caso.*

1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial na Coruña no prazo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria do proceso selectivo no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.

A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Polo tanto as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) mediante o procedemento PE401M.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

a) Para acreditar a personalidade para presentar a solicitude:

a.1) No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

a.2.) No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

a.3) No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

b) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van valorar de acordo co baremo aprobado *pola Resolución 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que modifica a Resolución do 4 de maio de 2016.*

Para os efectos de computar os méritos establecidos só se valorarán os obtidos ata a data de publicación da resolución da apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas.

b.1) Embarcacións que só teñan unha cota de captura no plan de xestión:

A información relativa a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

b.2.) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación

i) No caso de que a persoa armadora, estivese enrolado/a como mergullador coa titulación de mergullo en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico ourizo nos 2 anos anteriores a data da convocatoria: Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela e da libreta de embarque.

b.3) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.

- A información relativa ás vendas realizadas e rexistros de actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.
- Rol de despachos e tripulación enrolada durante o ano natural inmediatamente anterior á data de publicación da convocatoria (2019).

c) Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria.

e) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.

1.4. Emenda da solicitude.

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias, de acordo co disposto no artigo 68 da *Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas*, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que nun prazo de dez (10) días hábiles, a emenden, con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

A notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo común das administracións públicas*, realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así como no taboleiro de anuncios das entidades asociativas.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

2. Proceso selectivo. Publicidade das listas

A xefatura territorial procederá á baremación das solicitudes e fará pública a lista no seu taboleiro de anuncios e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

A lista tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da/s entidade/s.

3. Emprego da lista

3.1. A xefatura territorial comunicará as persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista que poden beneficiarse do incremento de cotas e concederá un prazo de 15 días hábiles para presentar a seguinte documentación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

3.2. As persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses.

No caso de renunciaren aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2, entenderase que desisten da súa solicitude.



Xacobeo 2021

